

Dirixida por Neira Vilas en Cuba

Unha experiencia de xornalismo para nenos

Que Xosé Neira Vilas sexa o escritor máis lido en Galiza nas últimas décadas, e un dos máis lido nunca no noso idioma, non é novidade. Tamén non é descoñecida a súa residencia en Cuba, ao lado da Revolución daquela illa do Caribe. Pero este verán o escritor de Gres deu a coñecer a súa experiencia de xornalismo infantil á fronte da revista "Zun Zun".

Hai xa uns meses que Neira Vilas nos enviara, cunha das súas colaboracións para o periódico, varios exemplares da revista da que é Xefe de Redacción. Efectivamente, ali estaba o seu nome galego, e a súa man en moitos dos artigos elaborados. Na segunda semana de Setembro e aproveitando a súa estancia en Galiza, Neira Vilas e a súa compañeira Anísia Miranda presentaron no Castro, en Sada.

A revista dos paxariños

"Zun Zun" sai mensualmente e tira 250.000 exemplares. É bon o dodo sobretudo cando a revista se esgota en poucas horas e está dirixida a nenos duns nove anos de idade: cantos nenos poden ficar sen o seu "Zunzún", se o país ten 10 millóns de habitantes?

Nas páxinas de Zunzún combínase o dibuxo coas informacións dos temas máis variados:



historia —de Cuba e universal—, xeografía, arte, natureza, cultura americana, ciencia, deportes, biografías,... e tamén hai comentarios de libros, textos monográficos sobre países latinoamericanos, filatelia, teatro, danza... As historietas van desde personaxes tan populares —aqui témolos visto no cine antecedendo algunha longametraxe cubana— como "Elpidio Valdés", "El Capitán Plin", "Matójo",...

A todo isto engadéuselle narracións, xogos, adiviñas, trabalenguas, máximas, curiosidades e, a pé de páxina, uns versos parados.

O nome "Zunzún" é o do colibri cubano, e é tamén o nome doutro paxariño, "Bijirita" é trimestral e tira 300.000 exemplares. Pensada para nenos de preescolar a segunda grao, nenos que ben non saben ou se están iniciando a ler. Os textos son moi breves e cunha linguaxe que procura a sinxeleza expresiva.

No acto de presentación foron moitos os mestres e aínda xornalistas que se desprazaron até Sada, onde estivo pendurada unha exposición das dúas revistas, abríndose afinal un interesante colóquio.